

# XXVI ALGARABÍA

## VENRES 2 DE SETEMBRO

---

**21:03 horas – Recolocación dos marcos entre Donramiro e Lalín.**

**21:59 horas –Concerto de “SOBREDOSIS”, “SÍNTOMA ANARKISTA” e “MORNE”. Coa actuación estelar de “DOUS TOLOS MOI TOLOS” e exposición de obras de Alberto Oro.**

No Paseo do Pontiñas, baixo a Rúa da Ponte. Haberá bebidas a prezos populares.

## SÁBADO 3 DE SETEMBRO

---

**12:01 horas –Manifestación espontánea e de libre reivindicación.**

¿Queres manifestar algo? Se é así, acude á Manifestación Espontánea e de Libre Reivindicación da XXVI Algarabía.

Nós dámosche a pancarta e ti escribes o teu lema de protesta.

Kedada no Café de Camilo ás 12:01 horas.

**13:00 horas –Pregón.**

Na Praza das Pipas.

**13:30 horas –Exposición e degustación de pan, embutidos e cervexa de Lalín na Praza das Pipas.**

Exposición e degustación na que colaboran cos seus produtos as panaderías e carnicerías da vila, ademais da degustación da cervexa artesá Gorder's Beer.

O grupo de Consumo Tarabela contribuirá cunha exquisita empanada vexetariana.

**14:00 horas - Concerto de “FACTOR, NOVO E CARRASQUESES” na Praza das Pipas.**

**14:40 horas –Pic-nic no Parque de Loriga.**

Prepara o teu menú e vente a desfrutar dun pic-nic ó Parque de Loriga. Bo ambiente e música ó aire libre.

**16:30 horas –Exposicións no Parque de Loriga a cargo de diversos artistas.**

Co propósito de recuperar o espírito das antigas edicións da Algarabía, diversos artistas exporán as súas obras no Parque de Loriga durante toda a tarde do Sábado.

**17:00 horas –Xogos no parque para nenos e maiores e “Campionato Mundial de Pelota no Aire”.**

**18:00 horas –Subasta de Torta-zos.**

Este ano celebraremos a primeira subasta de tor-tazos, na que un feixe de voluntarios se sacrificarán para levar un tartazo nos fociños, todo por unha boa causa... “papar merengue”.

**19:00 horas –A Gran Batalla da Auga.**

Diante do Parque de Loriga celebrárase unha nova edición desta húmida batalla.

**22:00 horas –Concerto de “ËRGLIS”, “SPIRIT OF A DOG”, “SECOND ARMY” e exposición de obras de Alberto Oro.**

No Paseo do Pontiñas, baixo a Rúa da Ponte. Haberá bebidas a prezos populares.

## DOMINGO 4 DE SETEMBRO

---

**12:00 horas –Clásica “Lalín-Empalme-Lalín” para bicicletas e vehículos non contaminantes.**

Saída dende o Parque de Loriga ata a Rotonda do Empalme e percorrido polas rúas da vila.

**13:30 horas –Sesión Vermú e concerto no Parque de Loriga a cargo de “QUINTÁ”, “BENXA” e “PABLO BERNARDEZ”.**

**16:00 horas –Exposicións no Parque de Loriga.**

Nova xornada de exposicións de diversos artistas no Parque de Loriga.

**17:00 horas –Xogos no Parque.**

**18:32 horas – Jam Session no Parque.**

Se queres pasar un bo rato facendo música, achégate co teu instrumento ó Parque de Loriga e únete.

**20:00 horas – Concerto de “LINCORNE”**

No Parque de Loriga.